

## PROCEDIMIENTO PARA A DECLARACION DE PERSOAL SENSIBLE POR CAUSAS DE SAÚDE, EMBARAZO OU IDADE

Este procedemento é o establecido na RESOLUCIÓN do 22-05- 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial, adaptado para os centros privados e concertados. En calquera caso haberá que contactar coa empresa de saúde laboral e no seu caso coa de prevención de riscos, as cales poden ter os seus propios procedementos.

1.- A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, embarazo ou por ser maior de 60 anos, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de considerar persoal sensible. Deberá acompañar os informes médicos pertinentes (Anexo2)

2.- A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes. (Anexo 1)

3.- O centro educativo contactará coa empresa coa que ten contratada a saúde laboral para que analice a petición achegada e adxuntará os anexos 1 e 2.

4.- O equipo médico da empresa de saúde laboral analizará a petición achegada, poderá solicitar mais información ou facer a solicitude segundo os seus propios modelos, e emitirá un informe con algunha das seguintes medidas:

a) Establecer que non concorre especial sensibilidade no/natraballador/a e que polo tanto pode realizar a súa actividade presencialmente.

b) Se hai novas circunstancias no posto de traballo que poden elevar o risco na saúde da persoa traballadora, realizará un informe de adaptación de posto en que se lle indiquen ao responsable da dirección do centro as medidas de prevención, adaptación e protección que se deban adoptar. Estas medidas poderán consistir na adaptación do posto de traballo, dotación dunha protección adecuada que evite o contacto ou de recolocación a outras funcións exentas de risco, tendo en conta as pautas precisas.

c) Como última medida, e unha vez acreditada a imposibilidade de realizar as medidas do punto anterior, o facultativo emitirá informe en que indique a imposibilidade de adaptación do posto de traballo e a imposibilidade de aplicar unha protección adecuada que evite o contaxio ou recolocación a outras funcións exentas de risco e, polo tanto, considerárase ao/a traballador/a como

especialmente sensible para os efectos da tramitación, de se-lo caso, da incapacidade laboral.

Para efectos do estudo das circunstancias concorrentes para a declaración dun/ha traballador/a como especialmente sensible, realizarase o estudo das patoloxías do traballador en relación co seu posto de traballo, avaliando especificamente o risco que supoñen as súas funcións en relación coas súas doenzas.

